

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 06.02.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.05 h. do 06.02.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez (quen se ausenta antes do comezo do punto 15º da orde do día)

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora accidental:

Dona Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria do 24.10.2013 e das ordinarias do 07.11.2013, 05.12.2013 e 09.01.2014

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas, agás a de 9.01.2014 que queda sobre a mesa para o seu exame polo secretario accidental das seguintes rectificacións propostas polo concelleiro don Juventino José Trigo Rey:

- Na súa intervención no punto quinto da orde do día solicita que se retire "e dise que é voceiro da plataforma Fenestra dende o 2011" porque di que non o dixo e que se inclúa ao remate da súa primeira intervención o comentario que dixo de que se reservaba a posibilidade de iniciar accións legais polo que se publicou na prensa.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1340/2013 á 1564/2013 de dende o número 1/2014 á 20/2014

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación co novo repago para fármacos que se dispensan nos hospitais de maneira ambulatoria

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor (1 de grupo municipal PSOE, 2 do grupo Municipal BNG e 1 do grupo municipal mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 27.01.2014:

"O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co NOVO REPAGO PARA FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Dende a posta en marcha, no ano 2012, do Real Decreto – Lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obrigatoriedade de cofinanciar unha parte do custo dos medicamentos por parte dos pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar entre o 10% e o 20% en función da súa renda.

Á introdución do repagamento temos que engadirlle a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados, os cales dende entón multiplicaron o seu custo. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxiles, dun xeito moi especial dos xubilados e xubiladas coas pensións máis baixas.

Non debemos esquecer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado pola dereita, tanto polo Goberno de Rajoy como polo Goberno de Feijóo, cunha nefasta xestión e complicidade que ambos comparten con políticas en común contra a igualdade de oportunidades e os servizos públicos, que están a deteriorar a calidade de vida e a empeorar as desigualdades sociais.

Os Concellos galegos son dos que teñen mais poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, que é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos. Pensionistas que ademais do repago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, as subidas de IRPF, da auga, do transporte... con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do repago non reduciu o gasto farmacéutico, senón que aumentou o gasto das economías dos enfermos, dos pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser receitados polo médico por falta de recursos económicos.

Pero se as medidas impostas ata agora trala publicación do Real Decreto eran inasumibles, os sucesivos recortes e repagos que van aparecendo co desenrolo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

O pasado outono publicábase no Boletín Oficial do Estado, o 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que:

- Se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud mediante a asignación de achega do usuario, en desenrolo do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.

Con esta publicación, feita por certo sen notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Goberno evitaba a súa publicidade tratando de soslaiar a reacción adversa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e das súas familias, presentándoo así como un feito consumado.

Este Decreto vén de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o repago por parte das persoas usuarias.

O goberno do PP chámalle a isto aportación reducida, pero é unha mentira máis, xa que se trata de pagar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria ata 4,20 euros por cada envase e por cada medicamento, non en total, o que supón que o que está máis enfermo é o que máis paga, nun contexto de crise e perda de recursos para a cidadanía. En definitiva, outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas vén dada polo feito de que vai ser aplicada aos pacientes máis graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese tipo de medicación.



A ministra, Sra. Mato,acorda por medio desa medida impoñer o repago de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de ril avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mieloide crónica, a artrite reumatoide, a dexeneración macular ou a hepatite C Crónica, entre outros.

Ante esta circunstancia, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración. De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incompreensión ante unha medida tan ineficaz como inxusta.

Para máis desvergoña, tamén varias autonomías gobernadas polo Partido Popular veñen de anunciar que non repercutirán nos seus cidadáns este repago de medicamentos, senón que será asumido íntegramente pola comunidade autónoma en cuestión. Entre estas autonomías destaca Castela A Mancha, presidida pola Secretaria Xeral do PP.

En Galicia, o señor Feijóo, sendo máis dogmático e integrista dos recortes que a propia dirección do seu Partido, xa ten anunciado que aquí o PP si que vai aplicar o repago de medicamentos hospitalarios, sen ningún cuestionamento nin oposición, aínda sabendo o prexudicial que é para os pacientes máis graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico. Galicia será así, de xeito vergoñento, unha das tan só dúas comunidades autónomas de todo o Estado que finalmente aplicará esta medida.

Esta medida, que introduce outro repago mediante un novo imposto aos máis enfermos e aos máis débiles, supón un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situacións de risco para a vida humana,

Un dereito como é o da saúde non pode convertirse nun privilexio!

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Solicitar do Goberno Galego a NON aplicación en Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.
2. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que xa non só hai que facer un repago nas farmacias pola dispensa común de medicamentos, senón que tamén se pretende facer pagar polos medicamentos nos hospitais dos enfermos crónicos ou con enfermidades graves como o cancro. Nos últimos tempos, ademais da intención do goberno central, as comunidades autónomas onde goberna o PP anuncian que non van aplicar ese copagamento, agás Galicia e Aragón, que lle van facer pagar aos seus cidadáns os medicamentos que consuman nos hospitais.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que apoian a moción porque defende algo de sentido común: garantir o dereito á sanidade. Non ve ben espremer aos enfermos polo feito de estar enfermos, ademais é mais complexo facer determinados cobramentos que asumir o seu custe, por iso ao ser máis difícil de xestionar, administrativamente falando, hai administracións que deciden non cobralo.



Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP que lle di ao voceiro do PSOE que o Pleno xa se pronunciou neste sentido no mes de novembro respecto dunha moción presentada polo mesmo senso polo grupo municipal do BNG. Por iso, pídelle ao PSOE, que non sexan redundantes no sentido da darlle axilidade aos plenos e remítese ao dito na acta de 07.11.2013, anunciando o mesmo voto que daquela: a abstención.

O voceiro do grupo municipal do PSOE quere aclarar que é certo que se presentou unha moción en novembro, pero dende entón teñen pasado cousas, entre outras, a oposición das Comunidades autónomas do PP a dito repago, por iso pídese que en Galicia non se aplique.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Solicitar do Goberno Galego a NON aplicación en Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.

2. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG contra a suba nas tributacións das persoas autónomas e pequenas empresas

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor (1 de grupo municipal PSOE, 2 do grupo municipal BNG e 1 do grupo municipal mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 27.01.2014:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do GM do BNG presenta, ao abeiro da lexislación vixente, a seguinte

MOCIÓN CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano así como os traballadores autónomos incluídos neste réxime especial ao amparo do establecido na disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido la Lei Xeneral da Seguridade Social, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que microempresas destas características contraten menos de 10 persoas.



Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuír a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Galiza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.
2. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.
3. Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que presentan esta moción porque están diante dun novo roubo á xente máis dinámica e emprendedora, autónomos e ás pemes. A nova normativa supón un incremento considerable das cotizacións mínimas dos autónomos sen excepción e, por riba, aquel que teña 10 ou máis empregados no último ano van ter unha suba dun 22% mensual, uns 60 €. Isto, ademais dunha merma na economía destas persoas, pode supor unha diminución dos empregados para aforrarse esa suba.

O colectivo de autónomos en Galicia é o que máis persoas empregadas ten e o que máis emprego xera, polo que atacar a este sector é atacar a aquelas persoas que máis emprego están a xerar na actualidade.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto a favorable á moción porque están de acordo co seu contido. Os autónomos están a soportar unha carga infrahumana en moitas ocasións e prestaranlles todo o apoio que se lles poidan prestar.



De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten o dito e apoiará a moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que estas medidas que se adoptan agora buscan a sostibilidade da Seguridade Social, trátase de buscar o axuste das bases mínimas para os autónomos ou pemes cun mínimo de traballadores e equiparar as súas bases de cotización cos traballadores por conta allea. Trátase de garantir, á hora da xubilación, as súas pensións, elevando un pouco as súas cotizacións. O goberno de España, que é o único que ten competencia para isto, anunciou unha reforma fiscal que fará desgravacións para as pemes e pequenos autónomos, o que vai permitir unha certa baixada dos impostos, que confía se produzan ao longo deste ano. En canto ás medidas de política social que se establecen en relación cos desempregados e máis desfavorecidos, están ás das mulleres, políticas que son as mesmas que dende hai uns anos. Por todo isto o seu grupo vai votar en contra da moción presentada.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que a moción é suave porque só pretende posicionarse en contra dunha suba unilateral, sen ningunha negociación nin condicionalidade e dun xeito discrecional. Quen alimenta os plans de pensións privados coma ferramenta de cobro das pensións privadas, agora sube as cotizacións para que cobren máis no futuro. É unha medida de carácter recadador, cando neste momento hai que tomar xusto a medida contraria, permitir que os autónomos fixesen pagamentos mellorados ou bonificados, precisamente para que aquelas persoas que están comezando ou pasando un mal momento non teñan problemas coa Seguridade Social e poidan atender aos pagamentos a provedores, que tamén viven de subministrar servizos e produtos a outros autónomos. O goberno só está pensando en facer caixa a conta dos autónomos e trátase dunha medida en contra daquela outra do 2012 de apoio aos emprendedores, pola que se lles bonificaba o 50% da cota á Seguridade Social, bonificacións que logo se lles reclamou a moitos deles un ano máis tarde. Para eles esta medida é preocupante, en Fene isto é unha sangría moi importante, dentro do contexto económico e social. Ademais o 0,25% da poboación galega ten o 50% da riqueza desta país, con rendas superiores a 700.000 euros ao ano. Está claro onde está o capital e os cartos e onde hai que ir por el e non atacar ao pequeno empresario.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que unha persoa canto máis cotice máis vai percibir e moitos autónomos ligan a súa prestación futura a seguros privados. Aclara que os novos emprendedores durante os primeiros 12 meses non teñen que asumir esta suba. Por outro lado esta o tema dos impostos, pensa que esta medida non contradí aqueles incentivos e outras baixadas de impostos que semella van vir para os emprendedores e pequenas empresas. Por todo isto van votar en contra.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do BNG don Juventino José Trigo Rey, que di que calquera autónomo, dende o ano 1966, pode escoller a taxa de cotización voluntariamente. O problema é naqueles autónomos, pequenas empresas e sociedades mercantís de carácter familiar na que todos os membros da familia son autónomos e asumen unha suba duns 60 euros, dous ou tres membros dunha mesma familia. Trátase dunha medida sen pes nin cabeza; así, hoxe mesmo, existe un caos total na tesourería da Seguridade Social por culpa deste tema, porque estalle cobrando a suba a quen non lle corresponde e moita xente á que lla cobraron aínda non sabe como lla van devolver. As bases de datos da Seguridade Social non estaban actualizadas porque o goberno publicou a normativa o 20 de decembro para entrar en vigor o 1 de xaneiro sen ter os datos actualizados. Estas medidas hainas que facer con calma e falando cos interesados para non crear prexuízos a maiores.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a



1. Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

2. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

3. Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2014

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (1 de grupo municipal PSOE, 2 do grupo municipal BNG e 1 do grupo municipal mixto) na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 27.01.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA:

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2014

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 27/01/2014 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expedientes de recoñecemento extraxudicial nº 1/2014 e que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº 1/2014

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BÁSICA

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.

-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.

-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

-Real Decreto 1496/2003 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2012, prorrogado.

ANTECEDENTES

Con data de 28 de xaneiro a Alcaldía propón a aprobación dunha relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Pleno da Corporación ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 27.461,49 €.

A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no

estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.- Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"

Cuarto.- Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servico debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servico executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuício económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/12, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial".

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente expedientes modificativos de crédito co fin de habilitar crédito para este fin , polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o plenode conformidade co previsto nas BEO/12 . Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC , no seu caso.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/14 é de reparo sen efectos suspensivos en relación coa factura obxeto do presente expediente. Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigaçión do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

*** Xurídicas:**

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na lexislación vixente, entre outras: o artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad

civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

1. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

*** Económico-orzamentario:**

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2011 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real.



*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

OBSERVACIONES

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos, debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo a factura que é obxecto do presente expediente.

Nestes casos consta unicamente as facturas conformadas pola concelleira responsable, obviándose (tendo en conta os importes dos contratos) a realización dos trámites para a preparación e adjudicación dos contratos. En definitiva, atopámonos ante unha mera contratación verbal carente de procedemento pero non de consecuencias. Recordemos que, a TRLCSP no seu artigo 28 relativo ó carácter formal da contratación do sector público que determina que " Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 97,1, carácter de emergencia". Admitido pois que estamos ante unha contratación verbal esta debe ser conxugado co principio de enriquecemento inxusto da administración e que implica a necesidade de que o concello quede obrigado ó pago das prestacións recibidas."

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode concluirse que:

- O concello procedeu á contratación verbal destes servicios, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, 29 de xaneiro de 2014

A interventora accidental,
M. Milagros López Álvarez"

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que a facturas á que se fixo referencia corresponde a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2012, prorrogado non existía crédito para imputar estes gastos polo que con carácter previo a este expediente habíltouse o crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias afectadas, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de Facenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobalo recoñecemento extraxudicial da facturas relativa ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/2014 por un importe total de 27.461,49 €.

2º.- A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias dacordo co detalle que se achega de seguido:

Nº Factura e data	NºRexistro e data	Proveedor/ Concepto	Aplicación Orzamentaria	Base	IVE	Importe
14A/00018 02/01/2014	53 14/01/2014	Sociser Galicia, SL SAF DEPENDENCIA decembro	231/22790	26405,28	1056,21	27461,49

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal."

Abre o debate o concelleiro de facenda, don Juan José Franco Casal, que di que se trata dunha factura con rexistro de entrada do 14.01.2014 por servizos prestados en decembro.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención porque non teñen un control exhaustivo do tema e é unha cuestión de xestión do goberno da que non se van facer responsables.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención do seu grupo para favorecer o pagamento.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da facturas relativa ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 1/2014 por un importe total de 27.461,49 €.

2º.- A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de acordo co detalle que se achega de seguido:

Nº Factura e data	NºRexistro e data	Proveedor/ Concepto	Aplicación Orzamentaria	Base	IVE	Importe
14A/00018 02/01/2014	53 14/01/2014	Sociser Galicia, SL SAF DEPENDENCIA	231/22790	26405,28	1056,21	27461,49

		decembro				
--	--	----------	--	--	--	--

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

6. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía en relación co acordo relativo ao informe sobre a solicitude de desafectación presentada no tramo límite Neda-Fene ao límite Fene-Mugardos

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía foi ditaminada favorablemente 4 votos a favor, 3 do grupo do PP e 1 do grupo socialista e 1 abstención do grupo do BNG na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 28.01.2014:

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Mediante escrito de data 23.09.2013 (RXS nº 3828 de 26.09.2013) este Concello solicitou á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar/Demarcación de Costas en Galicia a desafectación dos terreos obxecto das concesión outorgadas mediante Orden Ministerial de 20.11.1986 e 09.06.1983 e a súa posterior cesión gratuita ao Concello con destino a fins de uso e servizo público. Asimesmo, solicitouse unha prórroga na concesión dos terreos obxecto das OO.MM. en tanto non se sustanciase a solicitude de desafectación anteriormente citada.

Visto o escrito de data 27.11.2013 (RXE nº 10566 de 02.12.2013) remitido pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar/Demarcación de Costas en Galicia en relación coa solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene no tramo límite Neda-Fene ao límite Fene-Mugardos.

Visto o informe técnico-urbanístico suscrito polo ECCP municipal, don Lino Ameneiro Seijo, en data 13.01.2014.

En uso das atribucións conferidas pola normativa legal vixente, esta alcaldía PROPÓN ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Remitir á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, como informe previo á declaración de innecesariedade a efectos do art. 18 da Lei 22/1998 de Costas o “informe técnico-urbanístico sobre condicións de terreos de San Valentín incluídos na solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene na Ría de Ferrol” suscrito polo ECCP municipal, don Lino Ameneiro Seijo, en data 13.01.2014.

Segundo.- Certificar que o uso actual dos terreos obxecto da desafectación é:

- Parque público con paseo marítimo
- Equipamento educativo para CEIP A Xunqueira, área deportiva e xardín
- Terreos de uso deportivo con pavillón municipal
- Pista polideportiva aberta ao público
- Beirarrúa e terrizo
- Praia artificial

Na área ocupada por estes terreos existe unha liña de alta tensión aérea e unha liña de media tensión subterránea.

O uso dos terreos é público e gratuito, se ben determinados usos e servizos están sometidos ás taxas reguladas na ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer (BOP nº 137 do 15.06.207).

Terceiro.- Declarar o compromiso da Corporación Municipal de manter os usos públicos anteriormente citados de producirse a desafectación e a cesión gratuita dos terreos ao Concello.



Fene, 21 de xaneiro de 2014
O alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro. Remitir á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, como informe previo á declaración de innecesiedade a efectos do art. 18 da Lei 22/1998 de Costas o "informe técnico-urbanístico sobre condicións de terreos de San Valentín incluídos na solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene na Ría de Ferrol" subscrito polo ECCP municipal, don Lino Amaneiro Seijo, en data 13.01.2014.

Segundo. Certificar que o uso actual dos terreos obxecto da desafectación é:

- **Parque público con paseo marítimo**
- **Equipamento educativo para CEIP A Xunqueira, área deportiva e xardín**
- **Terreos de uso deportivo con pavillón municipal**
- **Pista polideportiva aberta ao público**
- **Beirarrúa e terrizo**
- **Praia artificial**

Na área ocupada por estes terreos existe unha liña de alta tensión aérea e unha liña de media tensión subterránea.

O uso dos terreos é público e gratuito, se ben determinados usos e servizos están sometidos ás taxas reguladas na ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer (BOP nº 137 do 15.06.207).

Terceiro. Declarar o compromiso da Corporación Municipal de manter os usos públicos anteriormente citados de producirse a desafectación e a cesión gratuita dos terreos ao Concello.

7. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía da resolución do expediente de declaración de nulidade do acordo da Xunta de Goberno Local de 05.11.2009, modificado o 17.06.2010, polo que se lle outorgou a don xxxxxxxxxxx unha licenza de obra

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía foi ditaminada favorablemente 4 votos a favor, 3 do grupo do PP e 1 do grupo socialista e 1 abstención do grupo do BNG na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 28.01.2014:

"PROPOSTA ALCALDÍA

O 07.11.2013 o Pleno municipal acordou iniciar, de oficio, a apertura dun expediente coa finalidade de declarar a nulidade do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 05.11.2009 coas modificacións introducidas na sesión de 17.06.2010, polo que se lle otorgou a don xxxxxxxx unha licenza de obra para a instalación dun portal e unha porta na rúa xxxxxxxxxxx, Fene. Así mesmo, concédeuse un prazo de audiencia de 10 días hábiles a don xxxxxxxxxxx aos efectos de que presentaran as alegacións e documentos que estimaran pertinentes, e nomease instrutora do expediente á concelleira xxxxxxxxxxx

O 20.11.2013 don xxxxxxxxxxx presenta en prazo alegacións.

O 26.11.2013 emite informe a secretaria municipal na que sinala "*As alegacións presentadas establecen o que segue:*

-O acordo adoptado é nulo por non permitir a formulación de recursos contra o mesmo, xerando indefensión

-A licenza estivo ben outorgada e foino baixo circunstancias que non variaron, constando no informe emitido polo arquitecto técnico municipal don xxxxxxxxxx o 24.1.2008 que no lugar non existen servidumes nin afectación algunha.

-Alega que a revocación da licenza debe facerse por razóns de interese público e non de forma arbitraria e que o art. 92.4 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas, require de razóns de interese público para a revocación e unha alteración das circunstancias tidas en conta no momento do outorgamento.

-Considera que estamos nunha parcela de solo urbano non consolidado porque para estar en solo urbano consolidado requírese que existan dotacións e servizos "de los que carecen las parcelas existentes en tal lugar (aceras entre otros), estando constituido el suelo urbano no consolidado por aquellas zonas (como la presente) en las que el planeamiento prevea la creación de nuevos edificios, apertura de nuevos viales, zonas verdes, plazas, equipamientos, dotaciones, etc.", "la parcela en donde tiene su vivienda el alegante es suelo urbano no consolidado, por cuanto carece de servicios fundamentales, y otros no están ultimados, y que de tenerlos la situarían en suelo urbano consolidado, pero ante su ausencia nos encontramos en suelo urbano no consolidado".

-Para a concesión da licenza non era preceptiva ningunha autorización sectorial porque a parcela non ten protección especial senón xenérica

Ao respecto, cabe facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.-O acordo adoptado fronte ao que se alega é un acto de trámite non decisivo fronte ao que non cabe a interposición de ningún recurso conforme ao artigo 107 da Lei 30/92, xa que só cabe recurrir fronte a estes actos se deciden "directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos", o que non sucede no presente suposto xa que só é un acto de inicio de expediente e fronte ao que se outorgou o correspondente trámite de audiencia.

SEGUNDO.- O expediente de revisión de oficio iniciado analiza diversas causas de nulidade de pleno dereito, sen profundizar no feito de que existan unhas servidumes que se ven afectadas polo peche autorizado na licenza, causa que é a que xenera unha denuncia e provoca o estudo da legalidade da licenza outorgada.

O informe do arquitecto técnico municipal don xxxxxxxx de 24.1.2008 que se trae a colación para pretender xustificar a non existencia de servidumes afectadas, ademais de non mermar as causas de nulidade que supuxeron a incoación do expediente e que non se basean na existencia ou non de servidumes, tampouco é acreditativo da existencia das servidumes denunciadas xa que o informe baséase no linde sur da parcela xxxxxxxxxx, linde no que non se ubican as servidumes denunciadas tal e como se pode apreciar nas fotografías que existen no expediente.

De todos os xeitos o informe límitase a constatar datos recabados do catastro, do planeamento municipal e do inventario de bens, o que en ningún caso desvirtúa unha servidume continua e aparente como as denunciadas e que non teñen por que constar nesas bases de datos utilizadas para facer o informe.

TERCEIRO.-Empréganse referencias á necesidade de que existan razóns de interese público para a revocación e cítase o artigo 92.4 da Lei 33/2003 (LPAP)

En primeiro lugar non estamos ante ningunha revocación de actos, senón diante dun expediente de revisión de oficio dun acto que se considera nulo para proceder á súa declaración como tal.

Respecto da revocación que fala a LPAP, esta insértase dentro de autorizacións ou licenza de uso do dominio público, o que non é o presente suposto, xa que non se outorgou ningunha licenza nin de aproveitamento especial nin de uso privativo do dominio público, autorizacións estas que si están sometidas a un réxime específico de revocación.

CUARTO.-Alégase que a parcela ten a calificación de solo urbano non consolidado por carecer de servizos, pero non se acreditan cales.

O certo é que a parcela é calificada como solo urbano consolidado no PXOM e que está constatado que existen servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, enerxía eléctrica e alumeadado público, contando con vía pavimentada ata o lugar onde está situado o portal corredeira do alegante.

A parcela pode atoparse nunha situación na que lle resten obras accesorias para acadar a condición de soar, pero iso é moi diferente a unha calificación de solo urbano non consolidado, situación na que precisaría estar nalgún dos seguintes supostos:

-Non ter a condición de soar conforme ao artigo 16 LOUGA: "superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, en todo caso, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existira planeamento, ademais do anterior deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por este."

-Parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

-Terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento

O alegante non acredita que a parcela se atope en ningún destes supostos.

QUINTO.-Alega que para a licenza non era precisa ningunha autorización sectorial porque a protección é xenérica.

O tipo de protección non é o determinante da esixenza de autorización da Consellería de Cultura, senón a protección en si mesma, tal e como se desprende do artigo 52 da Lei 8/1995:

<< Artículo 52. De la protección de los bienes inmuebles catalogados.

1. Los bienes inmuebles catalogados, así como su entorno, gozarán de la protección prevista en el [artículo 17 de la presente Ley](#) a través del correspondiente catálogo, al que habrá de ajustarse la planificación territorial o urbanística, cuya aprobación precisará el informe favorable y vinculante de la Consejería de Cultura.

2. Cualquier intervención en un bien inmueble catalogado y en su entorno precisará la autorización previa de la Consejería de Cultura. En caso de tratarse de un conjunto histórico con plan especial de protección, regirá para el entorno lo establecido en el [artículo 47.2 de la presente Ley](#).

3. La Consejería de Cultura podrá suspender cautelarmente cualquier obra o intervención no autorizada en un bien inmueble catalogado para el cumplimiento de los fines previstos en la presente Ley.>>

O artigo 17 establece: << Artículo 17. Catálogo del patrimonio cultural de Galicia. Definición.

1. Los bienes del patrimonio cultural de Galicia que, sin llegar a ser declarados de interés cultural, posean especial singularidad, de acuerdo con lo establecido en el [artículo 1.3 de la presente Ley](#), serán incluidos en el Catálogo del patrimonio cultural de Galicia y gozarán de la protección para los bienes catalogados en esta Ley.

2. Se crea el Catálogo del patrimonio cultural de Galicia como instrumento de protección de los bienes muebles, inmuebles e inmateriales incluidos en el mismo, y con fines de investigación, consulta y difusión. Dicho catálogo, en lo relativo a los bienes inmuebles, incluirá la regulación del régimen de protección previsto en esta Ley.

3. La inclusión podrá realizarse de forma individual o como colección, correspondiendo la gestión del catálogo a la Consejería de Cultura.

4. Reglamentariamente se establecerá el régimen de acceso público al Catálogo del patrimonio cultural de Galicia, así como las determinaciones a que se refiere el apartado 2 de este artículo.>>

CONCLUSIÓN: Infórmase que procede desbotar as alegacións presentadas e confirmar a motivación e corrección da resolución adoptada de inicio do expediente de revisión de oficio.

O que se informa á concelleira instrutora do expediente".

O 26.11.2013 e tralo informe emitido pola secretaria municipal, emite proposta de resolución a instrutora do procedemento na que que propón desestimar as alegacións presentadas por xxxxxxxxxx e declarar, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, a nulidade do acordo



adoptado na Xunta de Goberno Local do 05.11.2009 coas modificacións introducidas na sesión de 17.06.2010, polo que se lle outorgou a don xxxxxxxxxx unha licenza de obra para a instalación dun portal e unha porta na rúa xxxxxx, Fene, ao incorrer nos seguintes supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, letras e), g) e f).

O 29.11.2013 a Xunta de Goberno Local acordou ratificar o acordo adoptado polo pleno municipal en sesión de 07.11.2013, a proposta de resolución emitida pola instructora do expediente o 26.11.2013 e remitir as actuacións ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, para a emisión do ditame perceptivo.

O 13.01.2014 (RXE núm. 250) recíbese ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia de data 09.01.2014 á proposta de resolución emitida pola instrutora en base, entre outras, ás seguintes consideracións:

"Segunda.- [...] A este respecto, haberá de terse moi en conta que corresponde ó Pleno a competencia para ditar a resolución acordando a revisión de oficio do acto, e iso non só a teor do que resulta dos artigos 110 da Lei de Bases de Réxime Local (pois aínda que referido a actos tributarios, garda idéntica razón), senón tamén polo disposto no artigo 103.5 da LRXPAC, na súa nova redacción dada por Lei 4/99, do 26 de novembro, en canto que, se para a declaración de lesividade reserva a competencia ó Pleno, canto mais poderá atribuírselle a competencia da declaración de nulidade de pleno dereito [...] Cuarta.- [...] En consecuencia, do examinado, non se aprecian, vicios relevantes ou irregularidades invalidantes que xeren ineficacia do procedemento administrativo nesta fase instruído [...] Sexta.- [...] vemos en canto ó primeiro reproche que se dirixe ao acto, que o artigo 102 da LOUGA non permite o outorgamento dunha licenza provisional no solo urbano consolidado, agás que se trate dun terreo afectado a un sistema xeral aínda non executado, o que, indica a proposta, non é o presente caso, xa que a rúa Castro está considerada polo PXOM como unha dotación local. En segundo lugar invoca que a obra atópase no ámbito de protección de varios bens catalogados, sen que se tramitara ningunha autorización sectorial. Respecto deste segundo reproche resulta clara a nulidade da licenza urbanística concedida sen a autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio histórico [...] Polo tanto evidentes razóns de seguridade xurídica esixen a eliminación do mundo xurídico deste acto, o que certamente ten encaixe na causa de nulidade prevista no art.62.1, f) da LRXPAC, pois, como quedou exposto, trátase dun acto contrario ó ordenamento xurídico polo que se adquiren facultades carecendo dun requisito esencial para a súa adquisición [...] Sétima.- En canto á circunstancia de que non se solicitara por parte do órgano resolutor, a autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio histórico, hai que recordar tamén ó carácter esencial do devandito trámite [...] A xurisprudencia ven configurando este trámite, cando como no presente caso ten carácter perceptivo, co carácter esencial imprescindible e irreparable, polo que pode equipararse aos supostos de ausencia total e absoluta do procedemento legalmente establecido [...] Como consecuencia inmediata da ausencia do mencionado trámite é a nulidade absoluta ou radical do acto administrativo ditado, tal e como prevé para tales casos o artigo 62 da LRXPAC Oitava.- En definitiva, como tivemos ocasión de analizar nas consideracións precedente, existen causas suficientes para proceder á declaración de nulidade do acto da concesión da licenza, por canto do exame realizado do expediente, resulta que o mencionado acto dítarase prescindindo total e absolutamente do procedemento e supón o recoñecemento de facultades carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición, resultando polo tanto nulo de pleno dereito, falta esta reconducible pola vía da revisión de oficio do artigo 102 da LRXPAC, tal e como se contén na proposta de resolución que o antedito Concello somete a ditame [...]".

Resultando o preceptivo ditame favorable á proposta de resolución da instrutora do procedemento do 26.11.2013, sendo o pleno o órgano competente, tal e como se recalca no ditame do consello consultivo de Galicia, e de conformidade co artigo 102 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta alcaldía, previo ditame da comisión informativa correspondente, PROPÓN ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite as alegacións presentadas por don xxxxxxxx o 20.11.2013 RXE 10231 ao haber sido presentadas en tempo e forma.

SEGUNDO.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas en base aos fundamentos xurídicos establecidos no informe transcrito da secretaria municipal do 26.11.2013.



TERCEIRO.- Declarar a nulidade do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do 05.11.2009 coas modificacións introducidas na sesión de 17.06.2010, polo que se lle outorgou a xxxxxxxxxxx unha licenza de obra para a instalación dun portal e unha porta na rúa xxxxxxxxxxx, Fene, ao incorrer nos seguintes supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, letras e), g) e f):

-Tratarse dun acto dictado "prescindindo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido", contrario "al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición" e por incorrer en supostos de nulidade de pleno dereito establecidos "expresamente en una disposición de rango legal", en concreto nos artigos 213.2 e 101 LOUGA por infrinxir o uso previsto para as dotacións no PXOM e ditarse co carácter de provisional cando non se cumprían os requisitos previstos no artigo 102 LOUGA, prescindíndose deste xeito de forma esencial do procedemento legalmente establecido e supoñendo unha reserva de dispensación non permitida pola que se obtivo unha licenza sen cumprirse os requisitos esenciais para a súa adquisición.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados advertíndolles que contra o mesmo que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acordo que se lles notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Fene, 14 de xaneiro de 2014
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que en coherencia co feito e coa data de inicio do procedemento, remítese ao dito e anuncia a abstención do seu grupo.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite as alegacións presentadas por xxxxxxxx o 20.11.2013 RXE 10231 ao haber sido presentadas en tempo e forma.

SEGUNDO.- Desestimar integralmente as alegacións presentadas en base aos fundamentos xurídicos establecidos no informe transcrito da secretaria municipal do 26.11.2013.

TERCEIRO.- Declarar a nulidade do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do 05.11.2009 coas modificacións introducidas na sesión de 17.06.2010, polo que se lle outorgou a don ssssss unha licenza de obra para a instalación dun portal e unha porta



xxxxxxxxxx, Fene, ao incorrer nos seguintes supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 62.1 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, letras e), g) e f):

-Tratarse dun acto ditado "prescindindo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido", contrario "al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición" e por incorrer en supostos de nulidade de pleno dereito establecidos "expresamente en una disposición de rango legal", en concreto nos artigos 213.2 e 101 LOUGA por infrinxir o uso previsto para as dotacións no PXOM e ditarse co carácter de provisional cando non se cumprían os requisitos previstos no artigo 102 LOUGA, prescindíndose deste xeito de forma esencial do procedemento legalmente establecido e supoñendo unha reserva de dispensación non permitida pola que se obtivo unha licenza sen cumprirse os requisitos esenciais para a súa adquisición.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados advertíndolles que contra o mesmo que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o acordo que se lles notifica ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente."

8. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía en relación coa sucesión da empresa concesionaria da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor do grupo do PP e 5 abstencións (2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servizos e Medio Ambiente realizada o 29.01.2014:

"PROPOSTA ALCALDÍA

O Concello Pleno, previa tramitación do correspondente expediente de contratación e adxudicación, en sesión de data 04.11.1993, acordou adxudicar o contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene a AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA S.A.U. (en adiante AQUAGEST).

O 25.10.2013 (RXE núm. 9395) preséntase escrito, acompañado dun CD, por parte de Enrique Font Martínez, actuando en nome e representación de VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. (en adiante VIAQUA) con CIF A66141185, no que pon de manifesto que, tras unhas



operacións de reestruturación, produciuse a escisión de AQUAGEST e a creación de cinco novas sociedades, transmitindo a rama de actividade consistente no negocio relacionado co ciclo integral da auga no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia á sociedade de nova creación VIAQUA.

1. O artigo 85 do RDL 3/2011 polo que se aproba o texto refundido de la Lei de contratos do sector público sinala "En los casos de fusión de empresas en los que participe la sociedad contratista, continuará el contrato vigente con la entidad absorbente o con la resultante de la fusión, que quedará subrogada en todos los derechos y obligaciones dimanantes del mismo. Igualmente, en los supuestos de escisión, aportación o transmisión de empresas o ramas de actividad de las mismas, continuará el contrato con la entidad a la que se atribuya el contrato, que quedará subrogada en los derechos y obligaciones dimanantes del mismo, siempre que tenga la solvencia exigida al acordarse la adjudicación o que las diversas sociedades beneficiarias de las mencionadas operaciones y, en caso de subsistir, la sociedad de la que provengan el patrimonio, empresas o ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquélla de la ejecución del contrato. Si no pudiese producirse la subrogación por no reunir la entidad a la que se atribuya el contrato las condiciones de solvencia necesarias se resolverá el contrato, considerándose a todos los efectos como un supuesto de resolución por culpa del adjudicatario".

No escrito presentado o 25.10.2013 sinalase: "a mercantil VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. quedou subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes de cada un de ditos contratos ó ter a solvencia necesaria para o cumprimento dos mesmos, tal e como se acredita no informe que se adxunta como Anexo III, en soporte dixital". Ademais, ponse de manifesto que, si se considerase que non reúne a solvencia esixida, o resto das sociedades beneficiarias da escisión comprométense a responder solidariamente da execución do contrato.

Logo de ver que na documentación aportada pola mercantil non consta a clasificación que no seu momento esixiuse a AQUAGEST para participar no proceso de licitación (e sen prexuízo da posibilidade doutras deficiencias), considerouse preciso constar co compromiso de tódalas entidades resultantes da escisión de AQUAGEST de responder solidariamente da execución do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene, polo que, tras indicarnos que dito compromiso constaba no Proxecto de Reorganización Societaria, requiríuselles para que nun prazo de 10 días hábiles aportaran copia cotexada da parte do Proxecto de Reorganización Societaria onde constara o dito compromiso.

O 02.01.2014 Luís Morón Soto, actuando en calidade de xerente de zona de VIAQUA, presenta copia notarial do "Proxecto de Reorganización Societaria" que sinala no punto 5.3.11: "De conformidad con lo establecido en el artículo 80 LME las sociedades beneficiarias de la escisión total responderán solidariamente de las obligaciones asumidas por cada una de ellas y hasta el importe neto atribuído en la escisión a cada una de ellas. Atendiendo a dicho réximen general, y a los efectos de lo dispuesto en el artículo 85 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, relativo a los requisitos para la sucesión de los contratos administrativos, se hace constar que las sociedades beneficiarias se responsabilizarán solidariamente con cada una de las sociedades beneficiarias, respecto a la ejecución de los contratos administrativos, en materia de solvencia, en los que cada una de ellas quede subrogada como consecuencia de la escisión total"

Por último, debe sinalarse que AQUAGEST ten constituída garantía definitiva por importe de 10.000.000 de pesetas (60.101,21 euros) mediante aval da entidade La Caixa nº 9340-03-0084.539-52 para responder das obrigas derivadas do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene. Como consecuencia da escisión, recóllese na propia escritura pública formalizada (páx. 51) "Relación de avales cuya titularidad pasa a la sociedad beneficiaria por efecto de la escisión", constando na dita relación o aval a favor do Concello de Fene (páx. 416).

De acordo co anterior, en aplicación do disposto no artigo 85 do Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas e sendo o pleno o Órgano de Contratación, esta alcaldía, previo ditame da comisión informativa correspondente, PROPÓN ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da escisión da rama de actividade no negocio relacionado co ciclo integral da auga no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia da empresa adxudicataria AQUAGEST a favor da empresa VIAQUA con CIF A 66141185, constituída mediante escritura publica de segregación, escisión parcial e escisión total outorgada ante o notario do Ilustre Colexio Notarial de Cataluña dona María Isabel Gabarró Miquel, o 18.10.2013, co número 2644.

SEGUNDO.- Tomar coñecemento da continuación do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene por parte da empresa VIAQUA, que queda subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes do dito contrato, trala escisión realizada pola empresa adxudicataria AQUAGEST.

TERCEIRO.- Requirit a VIAQUA que formalice co Concello de Fene a modificación contractual realizada nun prazo de 15 días hábiles.

Previamente, deberá acreditar a aceptación pola entidade financeira do cambio de entidade avalada no aval 9340-03-0084.539-52 constituído a favor do Concello de Fene como garantía definitiva do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene, de xeito que a entidade avalada pase a ser efectivamente VIAQUA. En caso contrario, deberá achegar nova garantía a favor de VIAQUA por importe de 60.101,21 euros para responder das obrigas derivadas do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados advertíndolles que contra o punto terceiro poderán interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o punto terceiro ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Fene, 22 de xaneiro de 2014
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que a eles lles pide o corpo, dende hai moito tempo, rescindir o contrato, rescatar o servizo e asumir a prestación directa. Non están satisfeitos coa prestación do servizo e coa interpretación que fan do contrato e dos custes que se derivan para a empresa e, polo tanto, non poden compartir como se presta o servizo. Por todo isto non poden votar a favor, pero tampouco van votar en contra porque é algo puramente administrativo, vanse abster pero rogando e dicindo que se estuden todas as vías posibles para poder prestar este servizo máis axeitadamente do que se esta a prestar agora.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención aínda que considera interesante ver xuridicamente a situación da reclamación que ten establecida Aquagest e ir vendo outros xeitos de xestión; coincide en que a xestión directa sería moito máis rendible para os veciños que, cando menos, non sufrirían tantas subas.



Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da escisión da rama de actividade no negocio relacionado co ciclo integral da auga no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia da empresa adxudicataria AQUAGEST a favor da empresa VIAQUA con CIF A 66141185, constituída mediante escritura publica de segregación, escisión parcial e escisión total outorgada ante o notario do Ilustre Colexio Notarial de Cataluña dona xxxxxxxxxx, o 18.10.2013, co número 2644.

SEGUNDO.- Tomar coñecemento da continuación do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene por parte da empresa VIAQUA, que queda subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes do dito contrato, trala escisión realizada pola empresa adxudicataria AQUAGEST.

TERCEIRO.- Requirir a VIAQUA que formalice co Concello de Fene a modificación contractual realizada nun prazo de 15 días hábiles.

Previamente, deberá acreditar a aceptación pola entidade financeira do cambio de entidade avalada no aval 9340-03-0084.539-52 constituído a favor do Concello de Fene como garantía definitiva do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene, de xeito que a entidade avalada pase a ser efectivamente VIAQUA. En caso contrario, deberá achegar nova garantía a favor de VIAQUA por importe de 60.101,21 euros para responder das obrigas derivadas do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do municipio de Fene.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados advertíndolles que contra o punto terceiro poderán interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderán impugnar directamente o punto terceiro ante a Orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación co impacto da reforma laboral do Partido Popular na muller

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG) e 3 abstencións do grupo municipal do



PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 31.01.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co IMPACTO DA REFORMA LABORAL DO PARTIDO POPULAR NA MULLER, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma laboral posta en marcha polo Goberno do Partido Popular supuxo unha deterioración xeneralizada dos dereitos laborais porque opera sobre o modelo de contratación, abarata e facilita o despedimento, desregula as normas de garantía dos dereitos dos traballadores e traballadoras e reduce os custos laborais, a través da redución xeneralizada dos salarios. Créase así unha clase de traballadores pobres, onde as mulleres se levan, novamente, a peor parte.

A reforma laboral afectou gravemente ás clases traballadoras, golpeando con especial dureza os que se encontran en peor situación no mundo laboral, como é o caso das mulleres. Hoxe podemos dicir, lamentablemente, que a reforma laboral acrecentou a discriminación por xénero no noso país. Os países que máis avanzaron nos últimos 50 anos son os que adoptaron políticas de igualdade, de formación e de saúde. O aumento da xornada, a redución do salario, a taxa de reposición cero, a precarización dos contratos para a formación, o denominado contrato para emprendedores e a precarización e desregulación do contrato a tempo parcial, xunto aos recortes en educación, en sanidade e en Dependencia afectan, grave e directamente, ao emprego das mulleres e ás súas condicións laborais.

A reforma laboral non só non afrontou os problemas de inestabilidade e temporalidade do mercado de traballo no noso país, senón que, pola contra, os ten vido a acentuar. A reforma laboral non só non evita o encadeamento de contratos con distintos traballadores e traballadoras para un mesmo posto de traballo, senón que supuxo a creación dun contrato indefinido con altas cotas de temporalidade, a eliminación, por desnaturalización, dos contratos de formación e aprendizaxe e a desregulación do contrato a tempo parcial. O contrato para a formación quedou convertido nun contrato barato para o empresario, al supoñerlle un custo case simbólico, moi precario para o traballador e que vai afectar, en maior medida, ás mulleres, xa que o incentivo máis alto se dirixirá ás mulleres para condenalas a este tipo de contratación. Non só se aumenta a precarización do emprego das mulleres, senón que se intenta perpetuar esta precarización, podendo chegar a converterse nun caso de discriminación indirecta, xa que os datos veñen a confirmar que a reforma laboral supuxo a feminización deste contrato.

O denominado contrato de apoio a emprendedores é en realidade un contrato temporal encuberto de 364 días sen dereitos fronte ao despedimento; as bonificacións priman a contratación de traballadores que están a cobrar prestacións, especialmente se se trata de mulleres. Establécese así unha dobre discriminación aos que non perciben prestación, ás mozas que non tiveron aínda posibilidade de encontrar emprego, ou ás mulleres que esgotaron a prestación ou que traballaron de xeito intermitente sen chegar a poder cobrar a prestación por desemprego. Trátase dunha contratación feita case para as mulleres, que pode converterse nunha vía de contratación que máis que xerar emprego estable xere bonificacións indefinidas para o empresario por contratar, de forma temporal, as súas vítimas laborais, sen dereitos en relación coa extinción da relación laboral. Estamos a falar non xa de discriminación da muller no mercado de traballo, senón de discriminación superlativa recollida na propia regulación legal e contraria, ao artigo 14 da nosa Constitución. A reforma laboral precariza tamén o contrato a tempo parcial, maioritariamente asinado con mulleres, sen cotización ao desemprego das horas extraordinarias, deixando, ademais, en mans do empresario un 5% da xornada para a súa distribución irregular. Ademais, a modificación substancial que se levou a cabo das condicións laborais e a mobilidade xeográfica se ben afecta a todos os traballadores, de xeito moi especial, faino respecto ás mulleres, e estase a utilizar como instrumento para expulsar de forma indirecta a traballadoras embarazadas ou durante a crianza. Este Goberno e a súa reforma laboral deixaron sen contido nin función a negociación colectiva. Con iso, ademais de debilitarse a correlación de forzas na relación laboral, en prexuízo dos traballadores, de xeito moi especial para as mulleres, como traballadoras moi vulnerables, dinamitouse a Lei de igualdade no ámbito laboral. Unha realidade que, xunto ás políticas de recorte de gasto público e á diminución dos servizos públicos destinados ao coidado das persoas e ao fomento da corresponsabilidade, redundan

C.I.F.: P-1503600-G



nunha importante paralización e retroceso en materia de conciliación e por ende na situación das mulleres.

A incorporación das mulleres ao mundo laboral retribuído realizouse no noso país sen resolver o conflito que supón traballar fóra de casa e atender as responsabilidades familiares, sendo as mulleres que asumiron maioritariamente a dobre tarefa dende o principio. Durante os gobernos socialistas, e, particularmente, durante o Goberno do Presidente Rodríguez Zapatero producíronse importantes avances en corresponsabilidade e afondouse na imprescindible necesidade de contar con infraestruturas sociais que fixesen posible tal conciliación, evitando, sobre todo, a súa conversión, non só nun problema, sino, ademais, nun problema exclusivo das mulleres. Quedaba un bo camiño por percorrer para lograr o obxectivo de eliminar o problema da conciliación da lista de discriminacións que viñan sufrindo as mulleres no ámbito laboral, pero empezábanse a adoptar medidas moi importantes que apuntaban cara a ese obxectivo. Hoxe, non obstante, nun prazo moi pequeno de tempo, encontrámonos cos resultados, unha vez máis demoledores para o social, dunha política máis do Partido Popular, neste caso, os derivados da aplicación da súa reforma laboral: empregos con baixos salarios, entre os que afecta, especialmente, o das mulleres. Hoxe no noso país, un 16% das mulleres traballadoras cobra menos do salario mínimo interprofesional, fronte a un 6% dos homes. Un 39% das mulleres gaña entre unha e dous veces o salario mínimo interprofesional, fronte ao 29% no caso dos homes. As mulleres traballadoras supoñen o 70% dos que gañan menos do salario mínimo interprofesional e o 54% dos que gañan dunha a dous veces o salario mínimo interprofesional; iso si, só o 29% dos que gañan de sete a oito veces o salario mínimo interprofesional e só o 26% dos que gañan oito veces ou máis o salario mínimo interprofesional.

Galicia non é allea a esta clara e grave situación de desigualdade e, de feito, os últimos datos publicado polo INE relativos ás diferenzas salariais entre homes e mulleres son aínda máis preocupantes polo mero feito de que a nosa Comunidade Autónoma está a cola, xunto con Canarias e Extremadura, no que a salarios se refire dentro do conxunto do Estado. Polo tanto, a situación na que se atopan moitas mulleres é intolerable, ademais de profundamente inxusta, discriminatoria e aínda máis precarizada que no resto de España. E iso, sen falar do desemprego, que en Galicia segue a subir (un 0,15% en outubro e un 0,98% en novembro) fronte ao que acontece no conxunto do Estado no cómputo interanual, e cunha incidencia tamén maior no caso das mulleres (139.477 mulleres demandantes de emprego fronte a 128.748 homes). O Goberno do Partido Popular e a súa reforma agravaron os factores laborais que determinan a priori o groso da desigualdade salarial indirecta a través da xornada, a ocupación laboral, o tipo de contrato, o sector ou a antigüidade. O recorte no gasto público sen plans de igualdade, sen negociación colectiva, cunha correlación de forzas completamente debilitada supón un grave retroceso na loita contra a discriminación de xénero no ámbito laboral.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno central a derogar a Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.
2. Esixir aos Gobernos central e da Xunta de Galicia que recuperen as políticas activas de emprego específicas para mulleres, tendo en conta os grupos de idade e situacións desfavorecidas, como o fomento da contratación en colectivos de mulleres formadas pero sen experiencia laboral, o desenvolvemento de prácticas non laborais asociadas á formación de empresas innovadoras ou a reciclaxe de mulleres con experiencia laboral pero que carecen da formación que hoxe se demanda, entre outras.
3. Instar ao Goberno central e da Xunta a fomentar a elaboración de programas de formación en orientación e técnicas de busca de emprego.
4. Esixir a todas as administracións, a través da negociación colectiva e mediante un Plan de Igualdade que corrixa as desigualdades existentes entre mulleres e homes, o estrito cumprimento da Lei de Igualdade no eido público correspondente."



Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di esta moción preténdese abordar un dos moitos aspectos negativos que trouxo a reforma laboral. Con ela destruíuse moito emprego que tiña unha certa calidade e substituíuse por empregos temporais dunha calidade ínfima, de tal xeito que hai persoas que aínda que traballan, viven na pobreza. A reforma tamén ten un impacto particular no colectivo das mulleres que afonda máis nas desigualdades, na brecha que hai entre homes e mulleres.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que coinciden co sentido da moción e que na anterior esta é unha das liñas de actuación que solicitaron e por iso anuncia o voto favorable.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Punte, que anuncia que o seu grupo vai votar en contra da moción, primeiro polo título da moción que di o "impacto da reforma laboral do Partido Popular na muller" e non hai nada que indique que a reforma laboral prexudique as mulleres. Pensa que o PSOE non é o máis axeitado para falar da reforma laboral logo de estar máis de 9 anos no goberno, xa que deixou un mercado laboral que ía cara a un desastre e un caos infinito. As políticas específicas para mulleres respecto dos programas activos de emprego non sofren recortes, así como ningún outro colectivo que teña dificultades.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que a reforma laboral anterior tampouco a compartiron e aquí votaron en contra no seu momento, pero se algo non se lle pode achacar ao PSOE é que traballara en contra das mulleres, hai fitos importantes como a Lei de igualdade ou a Lei da dependencia (que beneficia ás mulleres, sobre todo a aquelas nas que recaían estas ocupacións na maior parte dos casos), a Lei de violencia de xénero ou outras moitas medidas neste sentido. Gustaríalle que o PP lle dixera unha soa medida que fixera en prol das mulleres, porque medidas que discriminan ás mulleres están patentes como a reforma da Lei do aborto. En Galicia tamén reconece algunhas medidas do PP que van en contra das mulleres como a supresión do servizo galego de igualdade, o apoio a rede Madre que favorece ás mulleres con delantal e coidando fillos que non saen da casa, que tanto lles debe gustar ao PP. O que fai esta reforma laboral é introducir discriminación das mulleres por vía indirecta, ao potenciar formas contractuais precarizando os contratos temporais ou mediante o contrato inventado de apoio a emprendedores sen dereitos e con despido libre. A lei encamiña ás mulleres que xa estaban discriminadas laboralmente a esas dúas novas formas de contrato máis precarias que establece esta reforma laboral.

Respecto do dito de que non se recortou nada en políticas activas de emprego dille á voceira do PP que cando se baleiraron os orzamentos da comunidade autónoma respecto dos cursos de políticas activas de emprego, que eran tanto para homes como para mulleres e daquela había unha taxa de paro dun 7%, e non a que hai agora, estíbese a facer recortes. Ademais o goberno do Estado tamén se cargou os programas de apoio á formación dos desempregados.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que a moción busca recuperar as políticas de emprego que se foron perdendo. Non é igual que Fene faga 3 cursos compartidos con outros 3 concellos que faga 3 cursos só para Fene, cando ademais hai máis persoas en situación de desemprego, xa que Fene ten máis desempregados e menos habitantes que antes.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que a moción ten un título claro e nese sentido se pronuncian. ¿Que existe unha política activa de emprego no que o goberno da Xunta de Galicia non baixou nin un só céntimo?, di que é certo e o dato está aí. ¿Que existe unha alta taxa de paro?, di que é certo e que xa estaba cando gobernaba o PSOE e agora estase recuperando, aí están os números para os comprobar. Dille ao voceiro do PSOE que a reforma laboral, agora, tócalle ao goberno, que é quen foi elixido para iso e de momento semella que está a funcionar e nese sentido van confiar e que a súa interpretación de que eses novos modelos de contratos discriminan ás mulleres parécelle un tanto osada.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar ao Goberno central a derogar a Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

2. Esixir aos Gobernos central e da Xunta de Galicia que recuperen as políticas activas de emprego específicas para mulleres, tendo en conta os grupos de idade e situacións desfavorecidas, como o fomento da contratación en colectivos de mulleres formadas pero sen experiencia laboral, o desenvolvemento de prácticas non laborais asociadas á formación de empresas innovadoras ou a reciclaxe de mulleres con experiencia laboral pero que carecen da formación que hoxe se demanda, entre outras.

3. Instar ao Goberno central e da Xunta a fomentar a elaboración de programas de formación en orientación e técnicas de busca de emprego.

4. Esixir a todas as administracións, a través da negociación colectiva e mediante un Plan de Igualdade que corrixa as desigualdades existentes entre mulleres e homes, o estrito cumprimento da Lei de Igualdade no eido público correspondente.

10. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación co anteproxecto de Lei orgánica polo que o goberno de España pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG) e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 31.01.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.



O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprimíase o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprimíase tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificando a interrupción do embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivou a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene:

1. Instar o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.
2. Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que esta é unha das mellores demostracións de como considerara o PP ás mulleres, creando un problema onde non o había. Cando o PP gañou as eleccións dixo que había que modificar a lexislación do aborto para garantir os dereitos dos non nados. Daquela pensou que como moito farían algún cambio puntual como eliminar a posibilidade de que as rapazas maiores de 16 anos abortasen sen consentimento dos pais, pero non tanto como para crer que desaparecera a lei de prazos, que é a que teñen o 90% dos países europeos con independencia da opción política que os goberna, e volver á lei de supostos, formato típico de hai 30 ou 40 anos; pero, por riba disto, o PP foi máis atrás, ao final do franquismo, eliminando o dereito das mulleres a poder abortar incluso nos casos nos que exista malformación do feto. Isto de por si é condenable e criticable, pero ademais supón que se pode abortar coa achega de dous informes de dous psiquiatras de dous centros distintos que digan que traer a este mundo a esa criatura pode supor un risco á estabilidade emocional da nai, é dicir, a muller non pode decidir por si mesma se pode abortar ou non, pero co permiso de dous médicos, aos que previamente hai que pagarlles, estes si poden decidir por ela se pode someter a un aborto. Toda esta argumentación de que o recém nacido é un ser humano dende a fecundación, traspoñendo a lexislación civil ao puramente relixioso do que é a vida, non é ser coherente, porque supón que pode



ser igual de cidadán un feto que sexa froito dunha violación que dunha malformación. A argumentación si se leva a un plano racional non se sostén por ningún lado. Trátase pois de contentar aos sectores máis ultras e aos sectores máis radicais da igrexa deste país a costa da metade da poboación do país, que son as mulleres. É un ataque furibundo e merece todas as medidas para conseguir frealo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que coinciden co atraso total que supón a intención do goberno de cambiar a lei. É unha lei que para nada defende a vida, porque a vida hai que defender á dos vivos e o PP estase caracterizando por facerlle moi costa arriba á vida aos que estamos sobre a terra. Ademais introduce un tema moral a todo o conxunto da poboación. A lexislación non pode estar baseada nas conviccións particulares dun goberno ou dun ministro, debe defender os intereses da maioría da sociedade e, neste caso, o das mulleres. Coinciden en pedir a retirada deste proxecto, en manter a lei que había que non estaba dando ningún problema nin alarma social e debe estar tutelado dende un punto de vista psicosocial e sanitario. Isto só era reclamado por grupos ultra e a lei non ocasionaba ningún problema, así que, quen teña cartos, vai poder decidir e a que non, non vai ter un recurso público para ser atendida. É outro dos pasos atrás que se están dando, social e sanitariamente.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Rodríguez Martínez, que di que comparte a moción e votará a favor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que a postura do PP de Fene sempre foi na mesma liña. Di que está de acordo coa argumentación de que se finalizou o proceso de máis de 30 anos, o problema é que no ano 1985 chegouse a un consenso de todos os partidos respecto dunha Lei do aborto e o primeiro que rompeu ese consenso foi o Sr. Zapatero coa súa reforma. Cando Zapatero modificou a Lei do aborto non existía ningún conflito ao respecto e isto non era ningún problema para o Estado español. Do mesmo xeito que se dixo que Feijoo non está de acordo con esta lei, tamén non é menos certo que dentro do PSOE tampouco todos estaban de acordo coa Lei de 1985. O PP de Fene sempre se manifestou no mesmo sentido, daquela non podían compartir a reforma da Lei do aborto do PSOE no tema das menores, parécelle moi grave que para unha intervención cirúrxica se precise o consentimento dos pais e para abortar non, o que cualifica de aberración. Neste sentido tiña que presentarse unha reforma da Lei do aborto, é certo que este cambio que propón o ministro Gallardón, igual que fixo no seu día o goberno de Zapatero, supón un cambio que ninguén pedía, e igual a xustificación de Gallardón é que isto ía no seu programa electoral. Non están de acordo coa lexislación anterior, están de acordo en que se revise e se rectifique naquilo no que creen que a maioría da sociedade pode estar de acordo. Neste sentido sempre se abstiveron, incluso sen argumentar o sentido do voto. Solicítalle ao PSOE, facendo referencia ao consenso do ano 1985, que emende o punto primeiro do acordo que fai referencia á retirada do anteproxecto e solicitar que se chegue a un consenso máximo con todas as forzas políticas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que eles, consenso sobre unha lei de prazos si, pero todo o que sexa pasar a unha lei de supostos non.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, don Rocío Aurora Bértoa Punte, que propón a seguinte emenda: "1. Instar o Goberno de España a retirar e non continuar coa tramitación do antepoxecto da Lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada procurando chegar ao máximo consenso posible coas distintas forzas políticas e tomando como referencia a Lei de 1985."

En contestación á proposta de emenda, o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, di que non a acepta porque a lei de 1985 non foi unha lei de consenso, foi presentada polo PSOE no Congreso e votada positivamente polo PSOE e as demais forzas políticas da esquerda, xa que o PP votou en contra. O que sucedeu é que a lei respondía a unha cuestión de sentido común e ao que a maioría da sociedade española demandaba. Daquela houbo manifestacións nas rúas, o PP e os cardenais estaban na rúa dicindo que era unha destrución da familia e demais, pero o tempo foi pasando e a lei non deu ningún tipo de problema. Tan boa era a lei que incluso o propio PP aínda que inicialmente non a votou nin a apoiou, en campañas electorais sucesivas seguiu manifestando que



estaba en contra do aborto, pero non a cambiou e a aceptou, o que dá a idea de que houbo un gran consenso.

A lei de 2012, que volve ser presentada por un goberno socialista e apoiada no Congreso polas forzas de esquerdas, máis algunha forza da dereita nacionalista, pola propia configuración dos grupos do Congreso, ten un apoio máis amplo que a lei de 1985, é dicir, sen existir consenso, hai máis no 2012 que en 1985. Respecto do programa electoral di que este asunto non ía no programa electoral do PP, non dicía que ían ir a unha lei anterior a do ano 1985. Dise que isto que fai o PP non responde á vontade cidadán, certo, igual que non respondía a petición do ano 2012, falso, porque nos últimos anos vivíuse unha hipocrísia total porque o aborto en España non era libre, só en determinados supostos se podía abortar, pero na práctica había un suposto de perigo para a saúde mental na nai ao que se acollía practicamente calquera persoa que quixese abortar e que puidese, pois isto se facía a través da sanidade privada e non da pública, era algo tan irresponsable como obrigarlles ás mulleres a mentir, que mesmo se ten utilizado en causas de divorcio para obter a custodia dos fillos a inestabilidade mental. Entón o que se fixo no 2012 foi normalizar e adaptar e recoñecer legalmente o que xa estaba pasando, que quen queira abortar, nuns prazos determinados, o poida facer libremente, sen ter que recorrer a enganar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que pensa que a evolución de ser delito a non selo foi un salto brutal, pasouse de ter penas de cárcere ou ter que ir abortar ao estranxeiro a legalizar o aborto, algo quen non é agradable ter que facelo, pois estas cuestións son íntimas e, en calquera caso, un trago duro para calquera muller que o fai, para canto máis que a lexislación siga a poñerlles trabas. Están de acordo en que debe dársele cara atrás a isto e que debe haber unha lei de prazos na liña que hai. Se o PP está preocupado pola infancia que se preocupen dos nados ou polas familias desestruturadas que teñen graves dificultades, pola escolarización e demais, que aí hai moito onde traballar.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a postura do PP de Fene sempre foi clara e nunha mesma liña e probablemente coinciden máis do que se alonxan, pois segue a existir unha parte na que non están totalmente de acordo. Comparten que é un retroceso respecto do ano 1985 pero tampouco están de acordo coa reforma que fixo Zapatero no 2010. O anteproxecto está en stand by e o que lle transmiten o presidente do Estado e o da Xunta de Galicia é que esperan que se reflexione sobre esta lei. Anuncia o voto en contra porque non pide que se revise a lexislación vixente que é o que defenden eles e tampouco están a favor desta revisión da lei.

Remata o turno de intervencións o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di non se pretende que se volva á lei anterior e que sexa inamovible, sinxelamente solicitan ter unha lei de prazos.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Instar o Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

2. Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.

11. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE para instar á Xunta de Galicia ao mantemento do servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG) e 3 abstencións do grupo municipal do



PP na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 31.01.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, coa intención de INSTAR Á XUNTA DE GALICIA AO MANTEMENTO DO SERVICIO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DEPENDENTES, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2007 a Xunta de Galicia, presidida por Emilio Pérez Touriño, creaba e regulaba o funcionamento do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. Este servizo ven sendo mais coñecido como 065.

Con esta medida dábase cumprimento á encomenda ós poderes públicos de Galicia, recollida no artigo 4, 2 do Estatuto de Autonomía, de promover medidas para que a liberdade e a igualdade do individuo fora real e efectiva, adoptando solucións para remover os obstáculos que as puideran impedir ou dificultar.

O 065 constituíase como un servizo público de transporte destinado a facilitar o desprazamento programado e non urxente de persoas discapacitadas e/ou dependentes imposibilitadas para utilizar transportes colectivos de uso xeral.

Esta prestación facilitadora da mobilidade permitía ós beneficiarios acudir a consultas ou tratamentos sanitarios; trasladarse a residencias, centros de día e outros equipamentos públicos de aloxamento; a actividades educativas ou formativas; a centros de servizos sociais nos que se desenvolveran programas ou actividades do seu intres; e os necesarios para a realización de actividades básicas da vida diaria: xestións administrativas, actividades terapéuticas ou rehabilitadoras.

A prestación do servizo efectuábase directamente con medios propios ou contratando o servizo a empresas do sector, establecéndose un custo para o beneficiario que oscilaba entre a gratuidade, para os que tiveran rendas menores ó 75% do IPREM, e o 16% do seu custe real, para as rendas superiores ó 250% do IPREM.

Dende a chegada do Presidente Feijoo ó goberno da Xunta se ten producido un continuo degradamento na calidade do servizo, denunciado reiteradamente polos beneficiarios: non poder asistir a citas médicas, por incomparecencia do transporte previamente confirmado; denegación do servizo, por non existir vehículo dispoñible; servizos incompletos (facilitábase a viaxe de ida, pero non a de volta); falla de resposta ás solicitudes efectuadas; grandes retrasos (mais de dúas horas) nas recollidas; etc.

Recentemente a Consellería de Traballo e Benestar Social intenta deteriorar, inda mais, o servizo, presentando un borrador de decreto que ven ser a puntia definitiva ó transporte adaptado 065.

Este documento recolle unha serie de medidas mais restritivas e limitadoras do servizo: incrementa o grado de minusvalía para acceder do 65% o 75%; deixa a criterio da Xunta o fixar unha intensidade máxima de uso; computa un viaxe de ida e volta como dous servizos distintos; elimina a obrigatoriedade de contar no transporte coa asistencia de monitor-acompañante; o recoñecemento da condición de usuario do 065 non implica o dereito á prestación; non fixa un prazo para solicitar e anular os servizos (na actualidade é de 48 horas).

A maiores quere establecerse un tope de dez viaxes ó mes e desentenderse do servizo delegando nas asociacións do sector a xestión do mesmo.

Estas medidas implican un especial prexuízo para os beneficiarios residentes en zonas rurais e para os discapacitados por danos cerebrais, así como para os seus coidadores que terán que dedicarlles mais horas de atención.

A Conselleira de Traballo e Benestar Social pretende coas medidas restritivas que propón poñer en marcha, volver ós tempos do franquismo, ós tempos nos que se agochaba a realidade dos discapacitados e dependentes, manténdooos pechados nas súas casas. Sen lugar a dúbida estas



pretensións da Xunta de Galicia restrinxen gravemente os dereitos dos discapacitados e dependentes a gozar dunha liberdade e igualdade reais e efectivas.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia e á Conselleira de Traballo e Benestar Social á que procedan á retirada do proxecto de Decreto polo que se regula o Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, a tenor do establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.
2. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que na época do goberno de coalición da Xunta de Galicia entre o PSOE e o BNG se puxo en marcha un servizo de transporte público para que as persoas dependentes que non poden utilizar con normalidade os medios de transporte públicos habituais, puidese ter unha certa mobilidade no seu día a día para as súas actividades básicas, administrativas, terapéuticas e demais. Establecéronse uns tramos de renda para poder acceder a este servizo con diferente custe e o sistema viña funcionando razoablemente, se ben sen un custe excesivo en comparanza co servizo prestado. O 065 pouco a pouco foi perdendo eficacia, os usuarios denuncian retrasos inxustificadas e redución de servizos, días nos que non se prestan servizos ou horarios incompatibles coas citas programadas. Posteriormente a Consellería de Traballo decidiu sacar un borrador de decreto que pon moitas limitacións de acceso ao servizo, de xeito que é como suprimilo na práctica; así, para acceder ao servizo, a Xunta de Galicia quere elevar o grao de minusvalía ao 75% ou establece o dereito de reserva por intensidade de uso, o que pon moitas limitacións.

Con todo isto semella que hai intención de privatizar o pouco que quede deste servizo, xa que de feito delégase ou preténdese delegar a xestión do servizo que hoxe é público.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que coincide co contido da moción e pensa que o que debería facer a Xunta de Galicia é potenciar o que existía e non devalualo. Logo de ver o borrador novo, todo indica que a liña a seguir e gastar o mesmo pero a través de "chiringuitos" particulares. En Fene hai moitos afectados e o servizo é moi mellorable e con estas limitacións que se pretenden establecer será peor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o 065 non se pode manter coas mesmas condicións porque non funcionaba, segundo o dito polos usuarios do servizo. Esta modificación faise agora porque vence o contrato de 5 anos que existía e tense en conta a opinión tanto de usuarios como de expertos. Con esta lexislación o servizo vaise manter, contará cun orzamento blindado de 13 millóns de euros destinado ao servizo e os 7000 usuarios que hai manterán os seus dereitos intactos. O PP vai votar en contra da moción.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

- 1. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia e á Conselleira de Traballo e Benestar Social á que procedan á retirada do proxecto de Decreto polo que se regula o Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, a tenor do**

establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.

2. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto.

12. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa supresión dos Consellos da Xuventude

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente 2 votos a favor do grupo municipal socialista e 4 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal do BNG) na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 31.01.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa SUPRESIÓN DOS CONSELLOS DA XUVENTUDE, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España vén de presentar o pasado 21 de xuño no Consello de Ministros o informe de reforma para as Administracións Públicas elaborado pola Comisión para a reforma da Administración (CORA), no que se recollía a supresión do Consello da Xuventude de España. Esta medida foi reafirmada o pasado 27 de setembro no Consello de Ministros onde se anunciaba a supresión deste organismo, a derogación da Lei 18/1983 de 16 de novembro e a creación dun Consello da Xuventude como ente corporativo de base privada.

O Goberno en ningún momento xustificou esta decisión, xa que se basea en primeiro lugar nunha suposta duplicidade de funcións neste Órgano e o Instituto da Xuventude, pero en ningún momento se xustificou en que consiste esa duplicidade. É preciso lembrar que non pode, en modo algún, converterse na existencia de tal pretendida duplicidade, nin por razón das competencias que cada un de ditos entes ten encomendadas, ni por razón do seu protagonismo no plano interno e internacional, nin, de maneira destacada, por razón da súa respectiva natureza xurídica, participativa e representativa, unha; e institucional administrativa, outra; que as diferenzan substancialmente, algo que o propio informe recoñece, pero no que non profundiza ao confundir ambas.

O CJE é unha plataforma autónoma do Executivo formada por Organizacións xuvenís, cuxa Presidencia e Comisión Permanente son elixidas polas súas entidades membro, de maneira democrática en reunión de Asemblea. Porén, non cabe pensar en ningún caso que un Órgano independente, conformado por Asociacións Xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade e do terceiro sector, teña a mesma funcionalidade que o Órgano goberamental. O Consello da Xuventude de España veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio español, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as españois en diversos espazos de participación no ámbito internacional.

Pola súa banda, o Goberno da Xunta de Galicia no ano 2011 suprimiu o Consello da Xuventude de Galicia (CONXUGA), un dos entes autónomos máis antigos que existía no organigrama da Xunta. O CONXUGA era unha organismo autónomo do Executivo formada por Organizacións xuvenís, cuxa Presidencia e Comisión Permanente son elixidas polas súas entidades membro, de maneira democrática en reunión de Asemblea. O Consello da Xuventude de Galicia veu representando á mocidade, defendendo a mellora das súas condicións de vida, apostando polas campañas de prevención e sensibilización entre a mocidade, apoiando e fortalecendo ao movemento asociativo xuvenil no territorio galego, favorecendo o intercambio entre ditas entidades e trasladando a voz dos mozos/as galegos en diversos espazos de participación no ámbito nacional e internacional.



Con esta supresión, o Goberno galego materializou o que se está a tentar a levar a cabo en España, convertendo o anterior CONXUGA nun instrumento máis do organigrama da Xunta de Galicia e que depende directamente desta. A vixente Lei galega 6/2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, crea o Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia que está integrado na Consellería competente en materia de xuventude, tal e como estipula o artigo 51.2 da citada Lei. Un Consello que até a data non foi convocado por depender do goberno galego e non gozar da autonomía precisa para poder levar a cabo unha boa política en materia de mocidade.

No contexto da Unión Europea, un dos principais obxectivos establecidos no Marco Renovado para a Cooperación Europea no ámbito da xuventude 2010-2018 refírese á participación das persoas mozas na democracia representativa e na sociedade civil a todos os niveis. Para facelo efectivo, recoméndase aos Estados membros que presten apoio político e financeiro ás Organizacións xuvenís, así como aos Consello da Xuventude, locais, autonómicos e nacionais, que promovan o recoñecemento do seu importante papel na democracia. Isto permitiu que nos países da Unión Europea este modelo de participación exista igualmente.

Nun contexto como o actual e no que o Goberno debe priorizar na súa axenda a loita contra o desemprego xuvenil e o futuro de toda unha xeración, faise máis precisa que nunca a existencia dunha plataforma independente que dea voz aos e ás mozas para defender os seus intereses e que á súa vez sexan representados noutras Plataformas xuvenís de ámbito internacional tan importantes como o Foro Europeo da Mocidade. Unha Plataforma que fomente o asociacionismo xuvenil e voluntario, e que xere propostas para a mellora das políticas da Xuventude, como se realizou recentemente coa proposta de "Garantía Xuvenil" que realizou no 2010 e que foi respaldada por institucións como a Comisión Europea ou a Organización Internacional do Traballo.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Esixir da Xunta de Galicia:

- a. Modificar a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia para garantir un Consello da Xuventude de Galicia puramente autónomo e independente da estrutura da Xunta de Galicia que sexa administrado, dirixido e xestionado directamente polas organizacións xuvenís.
- b. Iniciar un proceso de diálogo con todas as organizacións xuvenís inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia para adaptar a Lei 6/2012 aos intereses reais da mocidade.

2. Esixir do Goberno de España:

- a. Manter o Consello da Xuventude coa actual personalidade xurídica.
- b. Iniciar un proceso de diálogo coas organizacións xuvenís que formen parte do Consello da Xuventude de España, canalizado a través da súa Comisión Permanente, para asegurar a súa participación nas decisións sobre as modificacións que deberían incorporarse á Lei 18/1983, do 16 de novembro, e as normas e regulamentos que as desenvolven. As modificacións, no seu caso, tramitaranse mediante un proxecto de lei específico que non fure o debate sobre a participación xuvenil, e con implicación de todos os grupos parlamentarios do Congreso."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que a moción é unha resposta á decisión goberno de España e da Xunta de Galicia por suprimir os Consellos da Xuventude de España e de Galicia respectivamente. Non é que santifiquen o funcionamento destes órganos ata o día de hoxe, pensa que deberían ser organismos con estruturas máis abertas aos vaivéns partidistas e que ás veces non representaban ao tecido xuvenil do seu territorio. Isto non é para volver ao que se tiña, senón que é para mellorar o que había, xa que o que pretende o PP é suprimir os órganos consultivos das políticas de mocidade, desartellar todo o tecido xuvenil e deixalos sen representación e opinión, é dicir, vai na liña de desmontar calquera órgano de participación cidadá que poida presentar unha voz contraria as liñas do goberno.



Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que o que está facendo o PP é eliminar calquera opción na que existan espazos de participación, neste caso da xuventude, que cada vez está mais alonxada de todo tipo de decisións ou actuacións no ámbito da política, que ademais é o que lle interesa ao PP. Entende que os Consellos da Xuventude teñen deficiencias, que como todo órgano podería ser mellorado pero o que non se pode facer, sen ningún tipo de diálogo, é eliminar uns órganos de participación por non ter capacidade de controlalos. Anuncia o voto positivo á moción e cre que debería reclamarse a súa mellora de xeito que fosen máis dinámicos, plurais e participativos e non eliminalos, o que é ir nunha liña absurda porque ao final o que vai quedar é o que lle gusta ao PP, o individualismo puro.

A continuación intervén a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o dito.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que non é certo que se elimine o Consello da Xuventude, vai seguir existindo pero cun único interlocutor, por esa duplicidade co Instituto da Xuventude, que era outro organismo paralelo. Neste senso modifícase a lei para fixar como único interlocutor ao Instituto da Xuventude, pasando o Consello da Xuventude a ser unha sociedade privada. A primeira Lei de xuventude a fai o Sr. Feijoo e hai que lembrar que o Consello da Xuventude é unha sociedade que só representa a 22 sociedades e que tiña un carácter un pouco endogámico. Agora trátase de dinamizar e dar máis cabida ás sociedades locais para que a través destes consellos fagan chegar a súa opinión e a súa manifestación a un organismo superior, que é quen terá relación coa Administración. O sistema non funcionaba e estaba condicionado a que o partido que gobernase o controlase.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Esixir da Xunta de Galicia:

a. Modificar a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia para garantir un Consello da Xuventude de Galicia puramente autónomo e independente da estrutura da Xunta de Galicia que sexa administrado, dirixido e xestionado directamente polas organizacións xuvenís.

b. Iniciar un proceso de diálogo con todas as organizacións xuvenís inscritas no Rexistro da Xunta de Galicia para adaptar a Lei 6/2012 aos intereses reais da mocidade.

2. Esixir do Goberno de España:

a. Manter o Consello da Xuventude coa actual personalidade xurídica.

b. Iniciar un proceso de diálogo coas organizacións xuvenís que formen parte do Consello da Xuventude de España, canalizado a través da súa Comisión Permanente, para asegurar a súa participación nas decisións sobre as modificacións que deberían incorporarse á Lei 18/1983, do 16 de novembro, e as normas e regulamentos que as desenvolven. As modificacións, no seu caso, tramitaranse mediante un proxecto de lei específico que non furte o debate sobre a participación xuvenil, e con implicación de todos os grupos parlamentarios do Congreso.

13. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de designación dun representante municipal no Consello Escolar do CPR Jorge Juan

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por unanimidade na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade en sesión ordinaria do 31.01.2014:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Designación de representante municipal no Consello Escolar do Cpr Jorge Juan

Esta alcaldía, de conformidade co artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e disposicións concordantes, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Designar como representante do concello no Consello Escolar do CPR Jorge Juan a don Juventino José Trigo Rey.

Fene, 31 de xaneiro de 2014
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que comparten a designación no sentido que respecta o equilibrio entre as diferentes forzas políticas. Anuncia a abstención polo dito no pasado pleno pero constatando que comparten a designación proposta.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que defenderon e defenden a proporcionalidade na representación de todos os órganos.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que votarán a favor. Di que foi unha mágoa retrasar este asunto, xa que no anterior pleno xa foi á comisión informativa e isto púidose ter feito daquela.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que os plenos tamén valen para variar posicións e para non variar o consenso, van votar a favor.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Designar como representante do concello no Consello Escolar do CPR Jorge Juan a don Juventino José Trigo Rey

14. Mocións urxentes

Non se presentan.

15. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación co desastroso asfaltado da rúa Fraga, que fai fochancas cada día que pasa, ¿en que fase están as conversas coa Deputación Provincial? e ¿hai un prazo previsto para o arranxo dos desperfectos?

Contesta o concelleiro de servizos, don José Andrés Serantes Paineiras, dicindo que esta obra viuse in situ cos responsables da Deputación e da empresa e procederán á súa reparación, aínda que non dixeron unha data concreta. Vanse fresar puntos concretos como na saída á nacional.

- Rogaron no pleno anterior que se tomasen medidas respecto dunhas árbores na estrada da Armada na zona entre o parque e a rotonda da vía rápida que vai cara a Mugarodos, na comisión díxose que se está á espera de que Augas de Galicia contestase, polo que rogan que se pregunte se Augas de Galicia está por permitir a tala desas árbores e, caso contrario, que autorice aos veciños a facer os traballos que eviten os prexuízos.



- En relación coas obras de mellora do campo de fútbol dos Pinares que están pendentes e comprometidas ata a entrada en vigor do orzamento prorrogado quere saber se se está traballando na modificación de crédito precisa ou en que fase está.

- Rogaron no último pleno que se arranxasen as marquesiñas do Concello, como están case que no mesmo estado, volven rogarlles que se arranxen.

- Rogan que se repoña canto antes a varanda que romperon os bombeiros nas labores de derribo da árbore que caeu no estanque minutos antes do pleno.

- En relación co colexio do Ramo, ¿xa lle remitiron á Consellería de Educación o informe técnico sobre o estado da cuberta?

Contesta o alcalde dicindo que o informe está feito, falouse coa Delegación de Educación e vai vir o delegado a ver o estado da cuberta.

- ¿Contestaron xa á comunicación dos directores dos centros de ensino de Fene respecto da súa inclusión no Consello Escolar municipal?, ¿vai haber dita reunión? e ¿hai a intención de os incorporar?

Contesta o alcalde dicindo que estase pendente de convocar dita reunión. Teñen a intención de incorporalos ao Consello pero non queren estar por estar e haberá que estudar que modificación se pode facer ao regulamento.

- Roga que se restableza o servizo público de wifi nas prazas do concello que o teñen habilitado.

- En relación co contrato da limpeza do pavillón de San Valentín o concesionario ten a obriga de proporcionar unha máquina para a limpeza do chan do pavillón, pois a que levou non se adapta as características e xa levan un tempo importante que a limpeza se fai con cubo e fregona. ¿Fíxose algún tipo de requirimento a Eulen ao respecto?

Contesta a concelleira de Cultura e Deportes, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que é a primeira nova que ten ao respecto. Preguntou se faltaba material logo de que llo preguntaran na comisión. Respecto da maquinaria non ten constancia de que falte nada, non obstante interesárase polo tema.

- Roga que se revise o estado do parque infantil de Sillobre.

- Roga que se retiren os xogos infantís que hai tras as duchas da praia de San Valentín que están nun estado de ruína absoluto.

- En relación cos pasos elevados de Perlío saben polo alcalde que xa se comezou a mirar a posibilidade do comezo destas obras, polo que quere saber si xa hai algún avance ao respecto en relación co inicio das obras.

Contesta o alcalde que falou co responsable de pasos elevados na última xuntanza da comisión de seguimento deste convenio e requiríuselle mediante correo electrónico que precisase o día para a realización da Comisión coa indicación de que se prefería que fora en Fene para poder comprobar in situ os lugares onde puideran existir problemas e que iniciasen de xeito inmediato os trámites de expropiación. De momento di que non houbo contestación.

- Roga que se limpe o tramo de madeira de San Valentín, que esta moi esvaradío.

- ¿Cal é o estado da Comisión de investigación do contrato de mantemento das instalacións deportivas?

Contesta o alcalde dicindo que se convocará de xeito inminente.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se repare a rúa da Fraga pois xa solta aglomerado e a obra está recén feita. Di que se trata dun tramo urbano e convida a falar coa Deputación para que pasase a titularidade municipal, pero arranxado.

- Roga que se mire o camiño do Nogueirido en Barallobre no cruce coa costa de Xan porque o piso estase afondando e ten pinta de ir a máis.



- Roga que se mire tamén o camiño das Arandas, que tamén se está afundindo e como foi arranzado recentemente aínda estará en garantía e pódese reclamar á empresa.
- Roga que se amaíe o camiño en Mundín, dende a volta de Maroño ata o cruce de Santa Ana, xa que conta con gabias que se están desfecendo e que xa afecta ao piso do propio camiño.
- Roga que na Praza do Espectador, praza do antigo Perla, se recoloque o mobiliario de xeito que a praza quede como tal.
- En relación coas preguntas que fixeron por escrito e a contestación que se lles facilita respecto da recadación da carreira San Silvestre, que foi dirixida a unha entidade social, pensa que, sen prexuízo de que se dediquen axudas ás entidades sociais, había que atender máis aos servizos sociais do Concello e ás axudas municipais como axudas de reis e outras, e non, sen saber con que criterio, que se lle achegue a recadación a esa ou outra sociedade.

Contesta o alcalde que di que o criterio que se seguiu para dar a recadación a Cáritas foi porque Servizos Sociais está derivándolles os asuntos de maior emerxencia, sobre todo no tema alimentario.

O concelleiro don Manuel Polo Gundín roga que se isto é así, que se faga un convenio e non algo aleatorio. O alcalde di que está totalmente de acordo.

A concelleira de Cultura e Deportes, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, di que ademais disto, tamén se lles está achegando a recadación do día dos avós e pensa que isto está fóra do ámbito dun convenio, que en todo caso podería facerse pola derivación de usuarios e non por unha recadación que nun principio non se sabe cal vai ser.

O concelleiro don Manuel Polo Gundín di, por alusións, que non dixo nada do que está dicindo a concelleira de Cultura e Deportes, que o alcalde xa lle respondeu perfectamente.

En relación coas preguntas di que hai unha contradición co dito no Pleno e co respondido por escrito, polo que anuncia que volverá facer preguntas por escrito ao respecto porque non lles contestaron todo o que preguntaron ou contestaron parcialmente. Así, no pleno do 5 de decembro preguntaron pola dirección da carreira e se lles contestou o nome dunha persoa e na contestación por escrito consta outra persoa, polo que ou é a que dixo a concelleira no pleno ou é quen dixo o alcalde na contestación por escrito, en todo caso, queren saber cal é a resposta real.

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que no pleno preguntoulle polo director técnico, pero que a directora da proba, a coordinadora e directora executiva, foi xxxxxxxx, tal e como consta en todos os permisos que se solicitaron.

Pídelle desculpas pola súa ignorancia en moitas cousas, entre outras no tema das carreiras, xa que non sabe se fai falla un director técnico, executivo ou doutro tipo, pero o que si pode ver, dentro da súa ignorancia, é se se precisa reforzo ou non e aí está a súa toma de decisións. A directora executiva foi xxxxxxxxxxxx e tamén houbo unha dirección técnica que a levou xxxxxxxx quen se encargou dalgúns aspectos baixo a dirección da directora, aínda que non existiu nomeamento oficial.

- En relación coa Volta á Ría solicitaron os orzamentos de gastos e ingresos e se lles achegaron os gastos e ingresos brutos totais cando pediron os gastos totais e parciais, canto se gastou en cada capítulo e cales foron os ingresos por inscricións, por achegas dos concellos e demais. Solicitarán novamente ditos datos por escrito.

A concelleira de Cultura e Deportes, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, contestoulle deste xeito porque pensou que quería os datos así. De feito, na última Comisión contestóuselle a un concelleiro do PSOE e repítelle que pensou que quería unha suma global. De todos os xeitos non hai problema en facilitarlle os datos que solicitou.

- En relación coa contestación da concelleira de Cultura e Deportes que di que nas últimas 7 edicións da carreira Volta á Ría todos os concellos organizadores contrataron a unha empresa para o control de tempos pois a Federación Galega de Atletismo non presuposta ditos servizos, dille que na propia páxina web da Federación vén detallado todos os prezos e sae máis barato o servizo da Federación que o da empresa contratada.

A concelleira de Cultura e Deportes, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, pídelle que dea lectura da pregunta concreta e da súa correspondente resposta. O concelleiro don Manuel Polo Gundín procede



á lectura e remata dicindo que sae máis barato o servizo da Federación galega que a da empresa contratada.

Contesta a concelleira de Cultura e Deportes que non ten diante as preguntas que fixo por escrito e por iso solicitoulle que as fixera de viva voz aquí no Pleno. Preguntoulle por que se contratou a Champion Chip Norte e dille que é certo que nas derradeiras edicións se contratou a esta empresa. Non se contratou á Federación Galega de Atletismo porque non lle ofertaron a organización da proba, ofertáronlle unha serie de servizos. É certo que se lle pediu orzamento á Federación Galega non para a organización, senón que para unha serie de servizos, igual que a Champion Chip Norte, e contratouse a esta última por ser máis barata.

- Quere que lle contesten por escrito a varias preguntas relativas aos servizos sociais:

¿Cal é a diferenza de custo para os usuarios do servizo de axuda no fogar, tanto pola vía municipal como pola vía de dependencia, antes e despois da aplicación do novo regulamento?, xa que recibiron queixas de moita xente que din que o servizo incrementouse moito.

¿Cales son os datos dos últimos 3 anos de axudas de dependencia da Xunta de Galicia en relación co número de usuarios do servizo de axuda de dependencia?

¿Cal é o número de persoas contratadas polo concello no 2013 para o servizo de axuda no fogar, municipal e de dependencia e o seu custe?

¿Cal é o número de axudas de escolarización que concedeu o concello no 2013 e xenericamente os conceptos aos que ían destinados?

- ¿Fíxose algunha xestión ou avanzouse algo en relación á moción aprobada no pleno en relación co colexio da Xunqueira polo que se ía solicitar á Consellería de Educación e Sanidade un estudo de incidencia na saúde das liñas de alta tensión?

Contesta o alcalde que a moción foi enviada pero aínda non se recibiu contestación ningunha.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20:09 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

C.I.F.: P-1503600-G